Entroido

Semana Santa
Galegos
Camiños a Santiago

Empresas

Empresas
Automoción

Webs
Internet Galicia

mallando no Android 🤖

🏠 Inicio ▶ Actualidade ▶

A investigadora da USC Déborah González crea unha ferramenta dixital para dar a coñecer as conexións entre autores da lírica galego-portuguesa



Actualidade

A investigadora da USC Déborah González crea unha ferramenta dixital para dar a coñecer as conexións entre autores da lírica galego-portuguesa

AUTOR IAGO VARELA MARTÍNEZ O DÍA 6 MARZO, 2024 NON HAI COMENTARIOS

BUSCADOR

Buscar



Hosting por

 dinahosting

Envío rápido y gratis
En millones de productos



ACHEGA ECONÓMICA


Axúdanos cunha **aportación económica** periódica (**suscripción**) ou puntual (**doazón**). [Clic aquí para saber máis](#) ou selecciona unha das seguintes opcións.



dispoñíbel en <https://redesliricas.usc.gal/>.

Suscribirse

Nesta web, as usuarias poden acceder á **información literaria, histórica e biográfica sobre os trobadores e xograres**, coa posibilidade de visualizar de maneira gráfica as conexións entre eles. Isto permite amosar as relacións socioculturais e literarias que se establecían na época, o que contribúe a ampliar o coñecemento sobre os autores e as circunstancias de creación e recepción das súas cantigas.



corros medievais, pero que as que se conservan adoitan ser diálogos xocosos e debates con finalidade lúdica, se ben tamén se atoparon algúns exemplos de asuntos amorosos.

O aspecto máis novidoso desta iniciativa é que **as redes están representadas graficamente**. Deste modo, as usuarias poden navegar a través dos nomes dos trobadores e xograres de maneira cómoda e dinámica. Así, pode consultarse unha representación xeral da rede social e, no seu interior, seleccionar un trobador ou xograr determinado para ter información máis concreta. Neste sentido, pode consultarse a rede social dun autor e ter acceso aberto a datos completos de tipo histórico, biográfico e literario.

A maior parte ten unha orixe galega ou portuguesa, aínda que tamén participaron autores casteláns e, máis ocasionalmente, doutras procedencias. Unha radiografía sobre os seus contactos e os intercambios literarios que estableceron é fundamental para pór en valor este patrimonio.



[REDES](#)
[AUTORES](#)
[EDICIÓN +](#)
[BIBLIOGRAFÍA](#)
[PROXECTO](#)

Redes Socioculturais da Lírica Galego-Portuguesa

As cantigas de escarnio e as tenzóns permiten testemuñar contactos entre autores da escola lírica galego-portuguesa. Este portal destínase a brindar información literaria, histórica e biográfica sobre eses trobadores e xograres, así como a facilitar novas perspectivas sobre as súas redes socioculturais e literarias, proporcionando unha nova ferramenta para a investigación.

[DESCUBRIR MÁIS](#)



↳ DESPRAZAR CARA ABAIXO

TECNOLOXÍA PARA COÑECER A HISTORIA LITERARIA

A web aproveita o pulo tecnolóxico que nas últimas décadas transformou o xeito en que a sociedade percibe os textos, así



accesíbel, tanto para as persoas especialistas en lírica medieval como as que están en formación ou o público xeral con interese na materia.

ARTIGOS RELACIONADOS



NOVA FAMILIA

21 MAIO, 2014

3 – 4 MINUTOS DE
LECTURA



ANALIZAMOS O SAMSUNG

27 NOVIEMBRE, 2017

19 – 23 MINUTOS DE
LECTURA

A NOVA XERACIÓN DE

10 XULLO, 2014

2 – 3 MINUTOS DE
LECTURA

SOBRE O AUTOR



Iago Varela Martínez

Techie, geek e frikiño. Apaixonado dos trebellos e da ciencia

REPLY



El vecindario de la Zona Vieja de Santiago celebra por fin la llegada de la fibra óptica

Tras cuatro años, se culmina un proceso de puesta al día para 6.600 hogares que sentían vivir "en el siglo pasado"

Eladio González
SANTIAGO



El Ayuntamiento de Santiago celebró ayer un acto oficial para culminar el despliegue de fibra óptica en el Casco Histórico de Compostela, una obra que fue iniciada en 2020 por la teleoperadora Orange y que se ha dividido en 13 fases de actuación.

De esta forma, los 6.600 hogares que hasta este año contaban con dos megas de bajada podrán ver cómo la velocidad de sus conexiones a internet se multiplica por varios cientos.

El trabajo ha tenido un coste de 2,6 millones de euros y, para poder llevarlo a cabo, fueron necesarias una serie de adaptaciones relacionadas con el entorno.

Entre ellas, la creación de un diseño para que las cajas de fibra óptica se adaptasen a la zona y, por tanto, no supusiesen un impacto visual negativo.

Mejor tarde que nunca

Los residentes del Casco Histórico se muestran satisfechos de poner fin a este largo proceso.

Aunque son conscientes de la dificultad que supone instalar el cableado en la zona, no pueden



Representantes de las entidades implicadas, en el acto oficial | AYUNTAMIENTO

evitar pensar en los 20 años de retraso que llevan con respecto a muchas otras ciudades.

El presidente de la asociación de vecinos de Fonseca, Roberto Almuíña, cree que el término de las obras representa "dejar atrás o século pasado".

Insiste también en la relevancia que tiene para todo Santiago, ya no por el uso asiduo que las nuevas generaciones hacen de esta tecnología, sino por lo im-

prescindible que es para los comercios del área.

En la misma línea, apunta que esta situación no solamente les ha afectado a ellos, sino a otros barrios de la ciudad, como los de San Pedro, San Lourenzo o Sar.

De cualquier manera, lo que más les importa es que ahora pueden decir que "están conectados" y que tienen "as mesmas posibilidades que o resto de cidadáns do país". ●

Compostela conmemora o 8-M cunha cerimonia para distinguir a santiaguesas relevantes

E. GONZÁLEZ SANTIAGO

Cun día de adianto, o Concello celebra hoxe o 8-M rendindo homenaxe a unha selección de mulleres referentes no seu eido e que, dun xeito ou outro, están ligadas á cidade.

O acto oficial terá lugar ás 19.30 horas na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Ali, recoñecerase o labor da cineasta Jaione Camborda e da poeta Yolanda Castaño; dous piares da atmosfera cultural compostelana.

A mesma distinción se lle outorgará á directora da Axencia Española de Medicamentos, María Jesús Lamas.

Tamén á historiadora Nani-na Castro e á profesora Maribel Martín, as cales desenvolven importantes labores impulsando iniciativas feministas.

Por último, Santiago ergue-rase da butaca para aplaudir a María Pereira, a cal estivo 35 á fronte do negocio Dosel, e a Julia López, que con 90 anos segue detrás do mostrador de Fotos Sandine.

Mañá, o propio Día da Muller, haberá no Pazo de Raxoi unha lectura colectiva do Manifesto aprobado polos grupos que forman a Corporación municipal.

A continuación, procederase ao acto de fallo e á entrega do premio audiovisual Xohana Torres do ano 2023. ●

Unha investigadora da USC crea un portal en liña para divulgar sobre a lírica galaicoportuguesa

REDACCIÓN SANTIAGO

A doutora Déborah González, investigadora do Grupo de Linguas Románicas da Universidade de Santiago, dirixiu a creación dun portal web centrado nas redes socioculturais da lírica galaicoportuguesa.

Nesta páxina, ofrécense información literaria, histórica e biográfica sobre os trobadores e xogares, coa posibilidade de visualizar graficamente as conexións entre eles.

Concretamente, céntrase nas tenazóns, que son pezas nas que interveñen dous interlocutores.

Estas, como explica Gonzá-

lez, "son obras líricas moi valiosas desde múltiples puntos de vista. Entre outros motivos porque, ao seren diálogos, permítennos coñecer contactos entre compositores distintos de maneira fiable".

Con todo, o aspecto máis novidoso desta iniciativa é que as redes están representadas con esquemas, de modo que os usuarios poden navegar a través dos nomes dos trobadores e xogares de maneira dinámica.

En definitiva, é unha radiografía dos intercambios literarios da época, polo que representa un labor divulgativo elemental para esta importante parte do noso patrimonio. ●

» INCLUSIÓN

Máis de 100 deportistas con discapacidade intelectual competirán nunha carreira a nado na Piscina Universitaria

O Concello presentou onte a nova edición das Xornadas Autonómicas de Adaptación para persoas con discapacidade intelectual. O evento terá lugar o vindeiro domingo ás 12.00 horas na Piscina Universitaria de Santiago. Ali, un total de 147 deportistas participarán neste encontro deportivo, o cal durará toda a xornada. Desde xeito, achegaranse a Compostela 15 asociacións defensoras da inclusión provenientes das catro provincias da comunidade.

» CHUS

Comezan as obras para habilitar os 3.000 metros cadrados da parcela do Cimuso como aparcadoiro provisional gratuito

Onte comezaron os traballos para acondicionar a zona como parking temporal mentres dure a obra de ampliación do Clínico.



Inicio da actuación nas inmediacións do Hospital

» TURISMO

Una veintena de japoneses visitan Santiago en una nueva convocatoria del programa 'A Xuventude no Mundo'

Santiago de Compostela dio la bienvenida esta semana a una veintena de estudiantes japoneses que, adscritos al plan impulsado por la Xunta, podrán conocer la cultura local. Concretamente, el acto oficial de la recepción tuvo lugar, de mano de la consejera de Política Social, en el espacio Galileo de la Ciudad de la Cultura. Ahora, los jóvenes de intercambio aprovecharán lo que queda de semana para visitar distintas etapas del Camino.

» ESTUDIANTES

Universidad y Ayuntamiento acuerdan impulsar 50 plazas de alojamiento en el Casco Histórico de Compostela

El Ayuntamiento y la USC estudian la posibilidad de que la institución académica suscriba, en coordinación con el Gobierno local, acuerdos con entidades interesadas en promover residencias para los estudiantes en la ciudad histórica. De tal forma, se prevé la creación unas 50 plazas de alojamiento en cuartos individuales o dobles que cuenten con servicios básicos, como acceso a internet, cocinas y salas de usos múltiples.

Redes sociais e guías de viaxes nas cantigas

Diferentes proxectos exploran a lírica medieval desde novas perspectivas a aproveitar as tecnoloxías da información e da comunicación

 12 / 4 / 2024 /  Santiago. Xermán Hermida

/  literatura (*tematica.php?tematica=literatura*)

/  lingua (*tematica.php?tematica=lingua*)

/  historia (*tematica.php?tematica=historia*)



23
Veces
compartido

Compartir

Twittear

Compartir

Compartir

Nos últimos meses están a se presentar ao público estudos que achegan novas perspectivas sobre a nosa lírica medieval. O emprego de tecnoloxías da información e da comunicación sobre este corpus literario permite sistematizar datos e mencións contidas no mesmo aproximármolos de xeitos inéditos ao seu contido. O interese polas relacións sociais entre os creadores desta arte e a análise de lugares e persoas mencionadas en obras como as *Cantigas de Santa María* exemplifican o tipo de coñecemento que é posible extraer deste período das nosas letras.

As bases de datos están a amosar un enorme potencial á hora de analizar os contidos das cantigas medievais galego-portuguesas. A facilidade para tirar datos estatísticos destes textos,

como as repeticións de palabras ou mesmo as variacións que sofren as mesmas en diferentes composicións ou manuscritos resulta unha das máis evidentes. A esta súmase a posibilidade de establecer correlacións inéditas entre diferentes elementos presentes nas composicións, unha opción que dá pé para abordaxes sistemáticas sobre diferentes aspectos deste corpus literario. Canda a isto, o emprego da Internet e das ferramentas de representación gráfica dos datos marcan unha nova era na divulgación destes estudos, que se abren á sociedade e facilitan a participación pública nas investigacións.

As redes sociais dos trovadores

Unha das innovadoras propostas neste campo é o proxecto *Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Coordinado por Déborah González na Universidade de Santiago de Compostela, esta iniciativa investiga "as relacións socioculturais e literarias entre autores do movemento lírico galego-portugués" mediante as referencias que trovadores e xograres fan uns dos outros nalgunhas das composicións que se conservan. A iniciativa representa de xeito gráfico esas redes sociais, a amosar os personaxes máis célebres, ou cando menos máis conectados, nun web aberto ao público. No mesmo, cada un destes nomes conta ademais cun texto biográfico e unha bibliografía que permite afondar no coñecemento dos artistas referenciados.

Batallas de galos medievais

Segundo explica González, o proxecto céntrase na súa primeira fase, que está dispoñible na rede, nos

creadores "dun tipo de composición coñecida como tenzón. Estas son cantigas dialogadas entre dous autores e, consecuentemente, amosan un contacto entre eles de maneira fiable. Algúns destes autores participan, ademais, en ciclos satíricos, que xorden arredor dun personaxe ou dun motivo polémico". A base de datos de *Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa* recolle unha corentena de autores, "que participaron nos ciclos dedicados a Maria Perez Balteira, ao xogar Lourenzo e mais á polémica desencadeada pola canción de Joan Soarez Coelho a unha Ama". A ferramenta permite tamén visualizar o alcance de cada un destes ciclos a nivel de personaxes implicados, e o xeito no que se relacionan entre eles dentro das cantigas.

Quen era quen


A perspectiva relacional aplicada a este estudo amosa novas perspectivas sobre os autores implicados, ao facilitar a súa localización histórica. "Estas cantigas gardan interese porque achegan indicios sobre os ambientes e as coordenadas temporais e xeográficas en que debemos localizar os individuos implicados", explica a investigadora. Deste xeito "revélanse con claridade certos nodos máis significativos, ou dito doutro modo, autores que presentan múltiples contactos no medio trobadoresco". A representación gráfica que achega o web do proxecto permite apreciar con facilidade "se dous autores están asociados por un único texto ou por varios. Mediante as cores dos nodos é moi fácil distinguir que, entre os autores analizados ata o momento, predomina amplamente o colectivo dos trobadores, representados en azul, fronte ao dos xogares, que

se distinguen en ocre, ficando en vermello algúns nodos para os que non hai datos definitivos dispoñibles".

Críticas que levan á fama

A partir desta análise, resulta doado comprobar como hai nomes propios que destacan na arañeira de relacións definitoria do panorama da lírica medieval galego-portuguesa de finais do século XIII. De xeito curioso, o personaxe máis referenciado nesta base de datos resulta ser o xograr Lourenzo, pertencente a unha categoría artística inferior á de trovador. Segundo apunta Déborah González "a través da súa obra, Lourenzo amósase como un compositor hábil e con competencia técnica. Debeu ser un poeta activo no segundo terzo do século XIII". A partir das mencións que del se fan en diferentes composicións, sábese que "estivo ao servizo do trovador Joan Garcia de Guilhade. Porén, nalgún momento da súa traxectoria, debeu pretender unha certa autonomía. Sen dúbida, este movemento non foi ben acollido polos trovadores que o rodeaban porque conservamos un número significativo de ataques satíricos contra el, os cales serviron para constituír o pequeno ciclo literario que xa mencionamos". É dicir, a figura de Lourenzo coñécese nos nosos días en grande medida polas burlas que sufriu no seu momento. Mais non só, porque tamén as súas respostas contribúen a situalo nese centro das referencias recollidas no proxecto. "Lonxe de recoñecer debilidades, Lourenzo foi tenaz na defensa da súa arte. Isto pode comprobarse moi ben a través das súas tenzóns, definíndose como o autor máis

prolífico neste tipo de texto. En definitiva, Lourenzo foi quen de alzar a voz para reivindicarse a si mesmo", lembra a coordinadora do proxecto.




(imaxes/edicion/lourenzo_xograr2.jpg)

Rede de Lorenzo Xograr no proxecto

Amor non convencional

Canda a el, "outra personalidade destacada é Joan Soares Coelho, que é mencionado na documentación entre 1235 e 1279". Neste caso "trátase dun nobre de orixe portuguesa que inicialmente aparece ao servizo do infante Don Fernando de Portugal e, máis tarde, é un dos cortesáns de Afonso III". A súa vinculación con estas cortes facilita que exista información biográfica sobre el alén das referencias presentes en diferentes cantigas. "Consérvanse algo máis de medio cento de composicións súas, clasificables en diferentes xéneros", lembra González. No entanto, de todas elas destaca "aquela canción que a crítica

deu en chamar 'a cantiga da Ama'. A singularidade desta peza radica en que "se a cantiga de amor vai normalmente dirixida a unha señora de condición superior, esta canción foi dirixida a unha Ama, o que no medio trobadoresco se interpretou como unha contrariedade aos códigos que regulaban a canción de amor canónica. A reacción dos trobadores non se fixo agardar, como demostran diferentes composicións conservadas nos cancioneiros e que conforman o ciclo". De novo os ataques dos colegas contribuíron á sona con que Soárez Coelho pasou á historia. Tamén este trobador aparece "como un autor con gusto pola tenzón e por certo ton de debate. Neste tipo de texto, os seus dardos satíricos poden verse dirixidos ao seu interlocutor ou chegar máis alá, 'pinchando' nun terceiro, como acontece nun diálogo que establece con Lourenzo, e no que tamén pretende facer burla de Joan Garcia de Guilhade". Segundo salienta González, "se temos presente que a tenzón pode desenvolverse como un diálogo ou un debate, a relevancia que acadan estes nomes explícase porque tanto Lourenzo como Joan Soarez Coelho foron dous autores capaces de xerar polémica e reaccións no medio trobadoresco".



(imaxes/edicion/soarez_coello_rede.jpg)

Rede de Soarez Coello no proxecto

Redes e estamentos

Para alén destas estrelas da tenzón, existen outros nomes que destacan nesta galaxia de autores. "A maior parte dos nomes de autores analizados nesta fase do proxecto son trovadores e xograres destacados dentro da escola lírica galego-portuguesa. Desde o rei poeta Afonso X ata compositores tan fundamentais como Joan Airas de Santiago, Martin Moxa, Martin Soarez, Pai Soarez de Taveiros, Pai Gomez Charinho, Pero da Ponte ou Pero Garcia Burgales", explica González. Canda a eles, "hai outros representados dos que conservamos un número reducido de cancións, pero que poden resultar igualmente singulares e de interese para trazar relacións. Tal é o caso de Pero Velho de Taveiros, de quen se conservan unicamente tres cantigas, unha delas unha tenzón co seu irmán Pai Soarez que se acompaña dunha pequena narración a explicar o contexto que propiciou o diálogo". Este resulta un texto

"transcendental" que achegou "indicios decisivos para contextualizar os dous irmáns trovadores e para valorar o cultivo da lírica na corte galega de Maior Afonso e Rodrigo Gomez de Trastamara". Abundan tamén os autores que figuran como interlocutores unicamente nunha tenzón e que non deixaron máis rastro. "Podería lembrar a participación dun misterioso autor chamado Picandon, que responde ás provocacións e ataques de Joan Soares Coelho. Sería un xograr ao servizo dun trovador, Sordel, a quen Coelho menciona na mesma canción. Este último foi compositor da escola occitana e del consérvanse bastantes informacións a través da documentación da época. Así, sábese que "nos seus tempos mozos o propio Sordel exerceu como xograr e levou un estilo de vida relaxado, mais finalmente conseguiría ascender na escala social. Porén, nada se sabe de certo sobre ese xograr Picandon que supostamente o acompañaba e que debateu co noso Joan Soares, ata tal punto que se chegou a propoñer que tal personaxe non tería existido e que se debería a un sobrenome xocoso empregado por Soares para evocar aquel pasado 'picante' de Sordel".

Ampliar as redes

A intención do proxecto é continuar a actualizar esta rede de relacións medinte a análise de novos textos e a incorporación de máis autores a este mapa. "O deseño da rede global poderá ir gañando matices a medida que vaíamos incorporando máis autores e atendamos a outros tipos de conexión", explica González, que pretende "ampliar a perspectiva contemplando outros tipos de relación para, progresivamente, ir constituíndo unha visión

máis nítida, completa e complexa do que sería a rede sociocultural e literaria da lírica galego-portuguesa". Canda a isto, o Grupo de Investigación de Románicas da Universidade de Santiago, responsable desta iniciativa, está a traballar na edición crítica dixital das tenzóns galego-portuguesas.

O Glosabio

Outro proxecto que saltou recentemente á palestra a conectar lírica medieval con tecnoloxías da información e da comunicación é o *Glosabio*. Esta ferramenta, nada tamén no Grupo de Investigación de Románicas da USC e dispoñible na rede, cataloga os nomes de lugar ou topónimos e mais os de persoa (antropónimos) presentes nas *Cantigas de Santa María* que o rei Afonso X artellou a finais do século XIII con diferentes colaboradores da súa corte. Segundo asegura Manuel Negri, coordinador do proxecto, esta iniciativa "naceu porque desde hai moito tempo había un oco na investigación das *Cantigas*. Existe un artigo de 1927 que recollía os nomes propios do texto a se basear nunha antiga edición crítica. Pero aí non estaban todas as entradas e había moitas interpretacións e lecturas que non eran correctas. A partir del, e a ter en conta as fontes da obra, que permitían aclarar nomes, apareceu a idea dunha base de datos coma esta, a actualizar a plataforma de xeito que fose máis proveitable tanto para usuarios especializados como para público xeral". Na actualidade, o *Glosabio* atópase en proceso, pero conta xa con máis de 140 nomes de persoa e preto de 300 vencellados a lugares. "Hai cousas que revisar e que completar, e faltan aínda moitos

topónimos", explica Negri. ·"Partimos dunha plataforma que xa se empregou noutros proxectos e para catálogos de bibliotecas e que adaptamos. Cos antropónimos si que rematamos e imos facer unha publicación en papel que se divulgará fóra de Galicia", sinala.


Os achados dos nomes

A análise realizada e o emprego das bases de datos "deu lugar a cousas interesantes. Permitiu investigar sobre cada nome específico e aclarar identificacións que non estaban ben feitas en edicións críticas anteriores", explica o investigador. "Apareceu, por exemplo, un nome que podería demostrar a consulta por parte do grupo do traballo do Rei Sabio de fontes que non se consideran canónicas", é dicir, novos textos nos que o grupo que elaborou esta obra se inspirou e adaptou. E é que as *Cantigas* son en grande medida unha compilación de milagres atribuídos a Santa María que tiñan escenarios e protagonistas moi diversos e que en moitas ocasións xa estaban presentes en tradicións e obras anteriores. A descuberta "podería ampliar as fontes das que se nutriron as *Cantigas*", sinala Negri, a adiantar un futuro artigo a analizar esta cuestión concreta.

As funcións dos nomes

A grande cantidade de nomes recollidos nesta investigación amosa que o uso de topónimos e antropónimos nesta obra "poden ter varias funcións", segundo apunta este investigador. En ocasións, as referencias a lugares "poden servir para localizar un relato que se transmitiu nunha tradición precedente" e da que se fan eco as

composicións desta obra. "En parte están presentes porque nas *Cantigas* hai a vontade de recuperar milagres que apareceron noutras coleccións europeas. Así hai moitísimos topónimos de Francia ou de Inglaterra, e o que fai o texto é propor esas narracións en galego portugués pero a manter a súa localización orixinal. Entón non se trata tanto dunha vontade de meter nomes doutros lugares de Europa senón que o texto continúa a tradición do xénero literario do milagre mariano".



(imaxes/edicion/mapa_lugares_cantigas.jpg)

Captura do mapa cos topónimos recollidos polo Glosabio

Lugares do milagre

Entre os lugares exóticos que aparecen no cancionero, destaca a presenza dalgúns tan dispares como Persia, Túnez, Acre ou Escocia onda a localidades próximas como Armenteira. Segundo explica Negri, "as *Cantigas* parten de diferentes coleccións de milagres elaboradas en distintos lugares de Europa nos séculos XI e XII. Por razóns históricas recóllense tamén moitos topónimos

relacionados co Oriente Medio, xa que foi alí onde xurdiu o culto á virxe María, e o texto recupera aí precedentes bastante antigos. Hai que pensar nesta obra como unha antoloxía moi ampla de milagres que recorre a moitas fontes". Canda a estes, "hai moitos nomes de lugares da Península Ibérica, a localizar milagres que en ocasións aparecen por vez primeira nesta obra. Con estes dá a sensación de que o rei quixese xerar unha xeografía da milagre e da devoción mariana acorde á idea que tiña do seu reino". De feito, dos máis abundantes neste tipo, hai varios da Península vencellados con santuarios como Santa María de Salas, en Aragón, Villasirga ou Terena, con referencias con grupos de milagres que se dan no lugar".

Milagres con nome propio

Pola banda dos nomes de persoa, destacan pola súa presenza as invocacións do santoral. Nos textos "hai moitos nomes de santos que se recollen como exclamacións, pero que non posúen relevancia a nivel narrativo". Outros nomes propios habituais neste corpus son os de familiares do propio Alfonso X. "Neses casos poden ter a utilidade de amosar o favor que a Virxe María ten por esa familia en particular". A maiores hai casos nos que "cómpre mirar o contexto narrativo, hai personaxes que aparecen porque o protagonista da historia é ese e non outro", e recóllese o seu nome propio. No conxunto de composicións, as mencións a persoas máis abundantes "poida que sexan as relacionadas coa realeza, sobre todo con parentes de Afonso X en liña sucesoria. Isto amosa que o milagre acontece porque ese membro da familia estaba bendicido polos favores marianos. Nese

caso a narración é máis precisa, e achega máis contexto sobre os protagonistas e o tempo no que aconteceu". Canda a estas, "dos antropónimos penso que é o do propio Afonso X un dos que máis se repiten. Ao final as *Cantigas* son a súa obra e el tenta amosar que recibe favores por parte da Virxe. Entón está representado en moitas cantigas e miniaturas nas que aparece como referente e testemuña do milagre". Como outra descuberta curiosa desta análise, Negri apunta que no texto "hai o caso dun nome propios que boa parte da crítica pensaba que era un topónimo, pero se entendeu mal e na realidade agocha un personaxe", outro achado que se desenvolverá nun futuro artigo.

Máis Glosabio

Canda a estes artigos pendentes, de cara ao futuro inmediato, o obxectivo da investigación é completar a base de datos- "O proxecto está pensado para se actualizar de xeito continuo, sen se vincular a unha publicación en papel. De feito os usuarios poden achegar suxestións, sinalar fontes novas ou outras cousas. En breve temos intención de publicar un volume centrado nos antropónimos con fichas de carácter divulgativo e varios índices".

Comparar cantigas

Non son estas as primeiras propostas que achegan á nosa lírica medieval a aproveitar as posibilidades das bases de datos. Xa en 2020 se presentaba a Base de datos paleográfica da lírica galego-portuguesa (PalMed), unha iniciativa coordinada polas catedráticas de Filoloxía Románica Mercedes

Brea e Pilar Lorenzo Gradín, xunto ao doutor Antonio Fernández Guiadanes e o informático Carlos Sánchez no seo do mesmo grupo de investigación da USC. Este proxecto, tamén dispoñible na rede para o público, permite comparar as múltiples versións de cantigas que se conservan en distintos manuscritos da lírica profana da época. Isto facilita verificar os diferentes xeitos nos que se escribía unha mesma palabra en diferentes lugares e momentos, e facilita o traballo de investigación en ámbitos como os estudos paleográficos, grafemáticos, editoriais ou lingüísticos sobre a produción trobadoresca.

Versións paralelas das cantigas nos manuscritos

	#MedDB (Ed.): 022003	B1066	V657
CO01_01	A dona que eu am' e tenho por senhor	A òna que eu am e tenho por fénhor	A dona que eu am e tenho por senhor
CO01_02	amostrade-mh-a, Deus, se vos en prazer for,	Amoltrade mh a òe fè uo en pzer for	amoltrade mh a òe fè uo en prazer for
CO01_03	se non dade-mh-a morte.	Se non òade mh a morte	se nò dade mh a morte.
CO02_01	A que tenh' eu por lume d' estes olhos meus	A que tenh eu p lume òefes olhø meø	A que tenh eu p lume deftes olhø meø
CO02_02	e por que choran semp'r, amostrade-mh-a, Deus,	E p que chorà semp amoltrade mh a òs	e p q chorà semp amoltrade mh a ds
CO02_03	se non dade-mh-a morte.	Se non	se non
CO03_01	Essa que vós fezeistes melhor parecer	Elia que uos fezeistes melh parecer	Elisa q uos fezeistes melh parecer
CO03_02	de quantas sey, ay, Deus!, fazed-mh-a veer,	Oe quantas fei ay òs fazedø mh a ueer	de quantas sej ay des fazeites de mh a
CO03_03	se non dade-mh-a morte.	Se non	senò da
CO04_01	Ay, Deus! que mh-a fezeistes mays ca min amar,	Ay òs que mh a fezeistes mayø ca mj amar	Ao des q mh a fezeistes mais ca mī amar
CO04_02	mostrade-mh-a hu possa con ela falar,	Mostrade mh a hu poñã cò ela falar	mostrade mh a hu poñã cò ela falar
CO04_03	se non dade-mh-a morte.	Se non	se nò

(imaxes/edicion/cantigas_comparadas_palmed.jpg)

Comparación das tres versións dunha cantiga no PalMed

Procuras e datos extra

Segundo destaca a presentación do proxecto na USC, PalMed proporciona "a transcripción literal dos textos tal e como están copiados nos cancioneiros, que van acompañadas das imaxes dos manuscritos. Ademais, engádese información

sobre os caracteres orixinais naqueles casos nos que a súa lectura pode resultar máis complexa, como é o caso do sistema de abreviaturas empregado polos distintos copistas dos códices", unha proposta que resultou pioneira a nivel internacional pola súa fidelidade á escrita orixinal dos textos. O web permite desde follear os cancioneros páxina a páxina mediante as súas versións dixitalizadas a cotexar diferentes transcricións ou procurar palabras e secuencias de caracteres. Ademais dos textos estritamente poéticos, a base de datos incorpora as chamadas "escrituras anexas", como correccións, notas marxinais e outros elementos que están presente nos códices. Estes elementos, que poden semellar menores, achegan "datos de enorme relevancia sobre aspectos como os principios de emenda e corrección efectuados na época de produción dos manuscritos, as prácticas de escritura dos copistas, a estratigrafía da tradición manuscrita ou a intervención de mans tardías", segundo lembra a presentación do proxecto.

Os textos base

A proposta xurdiu como complemento doutra, a MedDB, a Base de datos da lírica profana galego-portuguesa que nos anos 90 puxo en liña as edicións críticas de referencia de todas as composicións dos trovadores. Este proxecto, que recibiu a súa última actualización en 2021, permite acceder aos textos deste corpus e realizar buscas nos mesmos, ademais de contar con notas biográficas sobre os autores.

Como se pode comprobar, a lírica medieval admite

múltiples achegamentos desde as bases de datos e as tecnoloxías da información e da comunicación. O coñecemento que é posible extraer destes textos multiplícase e chega con máis facilidade ao público deste estas novas abordaxes. Está aínda por ver ata que punto estas investigacións poden revolucionar a percepción sobre este período do noso pasado, pero desde claro o camiño resulta prometedo.

Ligazóns

🔗 Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa
(<https://redesliricas.usc.gal/>)

🔗 Glosabio (<https://glosabio.omeka.net/>)

🔗 PalMed
(<https://bernal.cirp.gal/ords/palmed/r/palmed/inicio>)

🔗 MedDB (<https://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2>)

🔗 Presentación de Redes Socioculturais da Lírica Galego-Portuguesa no web da USC
(<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/investigadora-usc-crea-ferramenta-dixital-amosar-conexions-autores-lirica-galego-portuguesa>)

🔗 Presentación do Glosabio no web da USC
(<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/proxecto-usc-investiga-nomes-persoas-lugares-cantigas-santa-maria-afonso>)

🔗 Presentación de PalMed no web da USC
(<https://www.usc.gal/filrom/presentacion-da-base-de-datos-paleografica-da-lirica-galego-portuguesa-palmed/?lang=es>)

🔗 Nova sobre PalMed no web da USC
(<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/transcriben-cantigas-lirica-profana-galego-portuguesa-conecen-actualidade>)

Nos nosos arquivos

⊕ Entrevista a Ria Lemaire sobre a autoría das cantigas medievais (2015)
(<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=25265>)

⊕ Reportaxe sobre as convencións do amor nas cantigas medievais (2006)
(<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=7489>)

⊕ Reportaxe sobre léxico das cantigas a partir do MedDB (2008)
(<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=13322>)

Serie

Cantigas medievais



([noticia.php?id=36223](https://culturagalega.gal/noticia.php?id=36223))

Redes sociais e guías de viaxes nas cantigas ([noticia.php?id=36223](https://culturagalega.gal/noticia.php?id=36223))

📅 2024-04-12 15:36:53

Diferentes proxectos exploran a lírica medieval desde novas perspectivas a aproveitar as tecnoloxías da información e da comunicación



([noticia.php?id=13322](#))

O falar de hai 700 anos ([noticia.php?id=13322](#))

📅 2008-10-28 00:00:00

O léxico das cantigas permítenos coñecer os galegos de hai 700 anos



([noticia.php?id=7489](#))

Galegos no berce do amor ([noticia.php?id=7489](#))

 2006-02-14 00:00:00

Os trobadores galegos participaron na creación, no século XII das convencións que hoxe mantemos sobre o amor

HOXE NA NOSA EDICIÓN



Abren as votacións para escoller os Premios Martín
Códax da Música ([noticia.php?id=36277](#))

([noticia.php?id=36277](#))  2024-04-25 10:55:28



A Fundación Penzol acollerá os fondos de Evaristo de Sela, tradutor da *Ilíada* e a *Odisea* ao galego

([noticia.php?id=36276](#))
id=36276) 📅 2024-04-25 10:48:18



Baldo Ramos e Pepe Cáccamo expoñen en Vigo a súa poesía visual publicada ([noticia.php?id=36275](#))

([noticia.php?id=36275](#)) 📅 2024-04-25 10:39:45
id=36275)

culturagalega

Consello da Cultura Galega.

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno: 981957202 | Fax : 981957205 | e-mail:

redaccion@culturagalega.org (<mailto:redaccion@culturagalega.org>).

[RSS \(rss.php\)](#) | [Aviso legal \(noticia.php?id=14726\)](#) | [O equipo do portal](#)

[\(noticia.php?id=14727\)](#) | [Licenza de uso \(noticia.php?id=14728\)](#)